www.fiot.gal

do 23 set
ao 29 out

# fiot 25
CARBALLO

festival internacional
outono de teatro
2016



# fiot 25 CARBALLO

Celebrar a XXV edición do FIOT é unha oportunidade para festexar a chegada a este fito do noso camiño, un logro importante para unha proposta cultural que naceu e medrou modestamente, pero con coherencia e persistencia, e coa ambición de ser sólida e potente.

Vinte e cinco anos abrindo o telón á ilusión, á reflexión, á sorpresa, á beleza, ao encontro, á provocación, á experiencia, á compañía, á emoción... O Outono de Teatro non é un conxunto de espectáculos programados en outubro, é unha idea compartida e viva que xa moitos, desde o público ata os artistas ou todo tipo de colaboradores, evocamos na nosa memoria como algo máis que teatro, unha illa propia que compartimos.

Non podemos deixar de mirar atrás para ser conscientes do traxecto percorrido polo festival e polo seu público, para mostrar o noso profundo agradecemento a todas as persoas e entidades que nos apoian, pero tamén, e sobre todo, este é o momento para mirar cara a adiante e debuxar o escenario do futuro, un escenario que segue sendo voso.

*Este é o momento para mirar cara a adiante e debuxar o escenario do futuro, un escenario que segue sendo voso*



*Vinte e cinco anos abrindo o telón á ilusión, á reflexión, á sorpresa, á beleza, ao encontro, á provocación, á experiencia, á compañía, á emoción...*

Durante estes vinte e catro anos, para crecer aprendemos a revisar cada día o proxecto e a reinventarnos, a propornos retos, a ilusionarnos e intentar contaxiar o entusiasmo a outros, para que poidamos crer nas posibilidades dun gran festival desde unha pequena cidade, crer nunha iniciativa que transcende xa o cultural e proxecta a Carballo cara ao exterior.





*A celebración do aniversario será o fío condutor do 25 FIOT, tanto desde a evocación do percorrido como tamén desde a conmemoración e a festa*

*Crer nas posibilidades dun gran festival desde unha pequena cidade, crer nunha iniciativa que transcende xa o cultural e proxecta a Carballo cara ao exterior*



A celebración do aniversario será o fío condutor do 25 FIOT, tanto desde a evocación do percorrido como tamén desde a conmemoración e a festa. Á nosa "festa" non pode faltar unha representación das compañías que marcan a traxectoria do festival; que vimos medrar con nós e conseguiron deixar fondas pegadas no público, que lles recoñeceu o seu traballo co galardón máis importante, o Premio do Público.

Moitas merecen ser as convidadas, pero seleccionamos algunhas das que non podían faltar para que o público do FIOT sexa o primeiro homenaxeado. Lembraremos que coa nosa celebración coinciden algunhas tan relevantes para a cultura universal como o IV



centenario do falecemento de Cervantes e Shakespeare, e eles teñen un lugar reservado nos nosos escenarios.

*Preparádevos, sobre todo, para rir. Rir, pensar e emocionarse...*

Xa que estamos de festa, a comedia é o terceiro dos convidados ao noso cumpreanos e está moi presente en case todas as ofertas que facemos, ou sexa, que preparádevos, sobre todo, para rir. Rir, pensar e emocionarse, por exemplo, cun espectáculo estreado hai 25 anos e que o mesmo actor segue a representar polo mundo; cun grupo galego que estivo na primeira edición do FIOT e que hoxe pode presumir de Premio Nacional de Teatro; cun espectáculo que resume 25 anos de traballo dunha produtora que os celebra con nós..., e tamén unha nova coprodución coa compañía dun benquerido amigo e Xograr do festival, Cándido Pazó, estreas en Galicia, estreas absolutas... 34 espectáculos e tamén moitas actividades En paralelo.

Grazas.
Pola vosa xenerosidade, confianza e compromiso.

A todos os que como público, colaboradores, voluntarios, patrocinadores..., vos fixestes imprescindibles no FIOT, porque este é un proxecto compartido, de todos nós.

E entre todos, sabemos que poderá continuar un camiño con novos desafíos e cara a adiante.

Pois sen máis, sopremos xuntos as velas e celebremos!

# Aperitivo
FIOT 2016

ESTREA EN GALICIA

**23 ven** | 21.00 h

## Yllana
(Madrid)

### *Yllana 25*

**Intérpretes:** Fidel Fernández, Juan Ramos Toro, Luís Cao, Juanfran Dorado e Jony Elías
**Idea orixinal e dirección artística:** Yllana (Marcos Ottone, Juan F. Ramos, Joe O´Curneen, Fidel Fernández e David Ottone)

**ENTRADA: 10 €** | **DURACIÓN: 90 MIN**
RECOMENDADA **+ 14 ANOS**



Que mellor prólogo para o FIOT 25 que o que podemos realizar cunha das compañías máis queridas polos fioteiros e que tamén celebra o seu 25 aniversario?

Por novena vez volven a Carballo, onde gozamos dos seus traballos máis importantes, recompensándoos en tres ocasións co Premio do Público.

*Yllana 25* fará realidade o desexo dos numerosos fans de Yllana de gozar nun mesmo espectáculo dos mellores gags, nun repaso cos máis destacados momentos da traxectoria da compañía, que nos traerán moitos recordos.

Creatividade, humor negro sen palabras e un toque *gamberro* son as marcas que identifican a esta compañía madrileña, referente nacional do humor xestual que fará estoupar a comicidade cun ritmo trepidante. Na súa traxectoria, vinte e cinco espectáculos, máis de 2000 representacións en 30 países, preto de 2.000.000 de espectadores e multitude de premios, entre eles dous Max.

*Let´s rock!*
*Let´s Yllana!*



# Inauguración
FIOT 2016

## 30 ven | 21.00 h

## Compañía Manolo Alcántara (Cataluña)
### *Rudo*

COMPAÑÍA PREMIO DO PÚBLICO FIOT 2011



NO MERCADO MUNICIPAL ANDAR 2º

**ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR AFORO**
**DURACIÓN: 55 MIN** | RECOMENDADA **+ 7 ANOS**



Un home rudo crea torres e todo tipo de figuras con pesadas caixas de madeira. As construcións combinan a rudeza dos materiais coa fraxilidade da estrutura e o protagonista, nun esforzo titánico, móvese en precario e delicado equilibrio. Gruñe, súa e non decae no seu delirio.

Un arriscado e tenro espectáculo de circo, co lirismo da música en directo, que representa o desexo humano, a ilusión para conseguir imposibles e os retos persoais levados ao xogo do absurdo. *Rudo* atrápanos no seu pequeno espazo íntimo, invitándonos a compartir os perigos e anhelos da vida.

A compañía de Manolo Alcántara foi a gañadora do Premio do Público do FIOT 2011 con outro precioso espectáculo de circo, Plecs, que nos atrapou nunha atmosfera máxica. O novo traballo deste artista e investigador circense, con grande acollida en España e no estranxeiro, transmitiranos tamén un circo persoal e singular, co que experimentaremos o risco.

*A fraxilidade das construcións sobre as que se alza para facer precarios equilibrios son froito do desexo e da ilusión*

**Intérpretes:** Manolo Alcántara, Laia Rius (violín) e María Bou (violonchelo)
**Escenografía:** Xavier Erra
**Vestiario e caracterización:** Rosa Solé
**Construción do monicreque:** Nartxi
**Deseño de iluminación:** Luis Nevado
**Composición e dirección musical:** Clara Peya
**Dirección técnica:** Luis Nevado
**Creación e dirección:** Manolo Alcántara e Xavier Erra

# Espectáculo familiar

## 1 Sáb

12.20 h
17.30 h
19.30 h

## Farrés Brothers i Cía (Cataluña)

### Tripula

ESTREA EN GALICIA

**ENTRADA: 2 € | GRATUÍTA PARA 2 MENORES ACOMPAÑADOS DUN ADULTO, SOCIOS E ABONADOS | DURACIÓN: 55 MIN**




Dous científicos iluminados preséntanlles a un grupo de intrépidos pasaxeiros unha revolucionaria maneira de viaxar.

O novo medio de transporte, o sorprendente globo estático, viaxa polo espazo rozando os límites da realidade cara a lugares que ninguén sospeitaba que existisen. Será unha viaxe tranquila e poética, aínda que quen sabe se poderán xurdir contratempos que obriguen os pasaxeiros a incorporarse á tripulación.

Teatro xestual, marionetas, sombras, humor e imaxinación abraiarán os nenos e adultos que se embarquen nesta deliciosa creación, na que público e artistas comparten un sorprendente espazo máxico e que foi recoñecida con relevantes premios.

*Unha viaxe alucinante aos mundos posibles que se agochan dentro deste mundo imposible*

**Intérpretes:** Jordi Farrés, Pep Farrés
**Voz en off:** Pere Arquillué
**Escenografía:** Jordi Enrich, Alfred Casas, Farrés Brothers
**Iluminación:** Jordi Llongueras
**Musica:** Jordi Riera
**Creación:** Pep Farrés, Jordi Farrés, Jordi Palet
**Texto e dirección:** Jordi Palet i Puig

# 8 SÁBADO

NO MERCADO MUNICIPAL
ANDAR 2º

SESIÓN DOBRE RC

2 FUNCIÓNS x 5 €

## FABIOLO | 21.00 h

(Aragón)

### *HEY BRO! HIPSTERSHOW*

ESTREA EN GALICIA



O hipster, nace ou faise? É vostede, sen sabelo, un hipster? Que foi antes, o hipster ou a galiña?

Todos estes interrogantes e moitos máis serán resoltos nunha viaxe chea de fantasía, onirismo, descaro e virtuosismo regado cun humor irónico.

O noso hipster preséntase no Mercado (transformado para a ocasión en cool center) como un anxo da modernidade, co obxectivo de calmar inquedanzas sobre o desafío creativo actual a través do co-working cos espectadores. Espirá a súa alma post, falaranos das súas orixes retro, ensinaranos o seu blog e coñeceremos as súas selectas amizades na esfera do deseño, a moda, o cine indie e a arquitectura. Aprenderemos pequenos trucos e modais que nos axudarán a distanciarnos do mainstream, crearemos a nosa propia statup con e sen wifi.

O célebre comediante de longa traxectoria Rafael Maza (coa dirección de Alberto Castrillo-Ferrer), ataca agora cunha divertidísima proposta que nos achega ao personaxe máis cool do noso tempo, tan popular como misterioso: o Homo Hipster.





## RICKY LÓPEZ | 22.30 h

(Baleares)

### *ME TENGO CONTENTO*

O cantahumor- monologuista Riki López volve ao FIOT co seu último traballo Me tengo contento. Moitos lembrarán aínda a súa primeira visita ao FIOT, cando encheu de gargalladas o Pazo da Cultura, entusiasmando os asistentes.




Hilarantes cancións cómicas impregnadas de autocrítica conforman a armazón de intelixentes monólogos deste sinxelo, xenuíno e esmendrellante espectáculo, onde atopamos as características deste artista, rirse de si mesmo, mestría no escenario, espontaneidade e complicidade co público.

Ademais de música, humor e risa asegurada.

# 12 MÉR

**20.00 H | ENTRADA: 5 €**

**NO MERCADO MUNICIPAL**
ANDAR 2º

## SARA ESCUDERO
(Madrid)

### *NO DESPIERTES A LA RANA*



Sara Escudero é cómica. Deixou medicina para dedicarse ao mundo do humor. Ese foi o seu primeiro gag. Desde entón, vive escribindo, subíndose a todo tipo de escenarios. Gañou o último certame de El Club de la Comedia e despois pasou por outros programas como a La Noche de Mota, Zapeando, a radio,...

*No despiertes a la rana* conta a perspectiva vital de todos os que nos vemos obrigados a medrar e defender as nosas crenzas (ou tolemias) por riba de todo. Creado para o bo humor e recomendado para todos os públicos

Para Escudero o humor é un modo de vida, e o seu lema é que “hai que aprender a rirse dun mesmo para ter diversión garantida durante toda a vida”

*Gañou o último certame de El Club de la Comedia e despois pasou por outros programas como La Noche de Mota, Zapeando, a radio,...*

RÚA DOS CONTOS

18





# 15 SÁB

**23.30 H | ENTRADA: 5 €**

**NO MERCADO MUNICIPAL**
ANDAR 2º

## XOSÉ TOURIÑÁN E PEPO SUEVOS
(Galicia)

### *DOUS HOMES E UN VESPINO*

**ESTREA ABSOLUTA**

Vaia dúas patas para un banco! Pepo e Touri nunha noite de comedia única cun espectáculo inédito. Logo de facer rir a media Galicia cos seus espectáculos en solitario, estes dous populares cómicos volven ao FIOT polo noso 25 aniversario para




pechar esta edición na que a Rúa dos contos se fixo maior de idade.

Falarán da vida, do vespino e tamén das experiencias, sempre desde un particular punto de vista que non deixará a ningún indiferente.

*Logo de facer rir a media Galicia, estes dous populares cómicos, volven ao FIOT polo noso 25 aniversario*






# PROGRAMACIÓN DE SALA

**2 Dom** | 21.00 h

# Kulunka Teatro

(País Vasco)

## *SOLITUDES*

**ENTRADA: 7 €** | **DURACIÓN: 80 MIN**

Despois de enviuvar repentinamente, un ancián séntese tan desvalido e só que sae á rúa en procura de compañía para xogar ás cartas. Non se resignará e non renunciará aos seus pequenos desexos, pelexando por eles con dignidade.

A través do humor, esta sinxela historia afonda nas relación humanas, a incomunicación e a necesidade de afecto.

Kulunka estivo no Outono de Teatro co seu primeiro traballo e a súa sensibilidade e especial técnica con máscaras deixou unha fonda pegada. A súa andadura internacional levounos a máis de 25 países en 4 continentes, con preto de 500 funcións. O mesmo equipo creativo puxo en pé esta obra que, sen unha soa palabra, resulta todo o contrario a inexpresivo.







*Unha viaxe por universos cotiáns que, combinando a gravidade co sorriso, conmove, sorprende e invita á reflexión*

**Intérpretes:** José Dault, Garbiñe Insausti e Edu Cárcamo
**Escenografía e vestiario:** Ikerne Giménez
**Deseño e construción de máscaras:** Garbiñe Insausti
**Deseño e de iluminación:** Carlos Samaniego "Sama"
**Música orixinal e deseño de son:** Luis Miguel Cobos
**Dramaturxia:** Garbiñe Insausti, José Dault, Iñaki Rikarte, Edu Cárcamo, Rolando San Martín
**Dirección:** Iñaki Rikarte

## 7 Ven | 21.00 h

# La CASA de la PORTERA

(Madrid)

## IVÁN OFF

PREESTREA



**ENTRADA: 10 € | DURACIÓN: 120 MIN**

Iván tivo todo na vida: boa posición social e económica, estudos universitarios, grandes amigos e unha esposa que o amaba. Pero, por algún motivo que nin el mesmo logra explicar, a tristeza, a desesperación e o mal humor apodéranse del. Todos loitan para que volva ser o que era antes.

O protagonista de *Ivanov*, a obra de Antón Chejov, transfórmase en contemporáneo, e a espléndida interpretación dun grande elenco converte a obra nunha experiencia conmovedora e divertida.

Acollemos no noso festival a presentación en grande escenario dun espectáculo que colleitou un éxito rotundo en formato de proximidade. Con el emerxeu un novo concepto de espazo escénico en España, La casa de la Portera, na que o público se introduce na escena, e o teatro ten lugar a carón do espectador. En momentos de crise, responde tamén á inquietude dos propios artistas de buscar vías para amosar o seu traballo.

*Un home inocente non é máis que un tonto. Pero vós, as mulleres, arranxádesvos para ser inocentes de tal maneira que conseguides ser agradables e formais pero nunca tontas*

**Intérpretes:** Raúl Tejón, David González, Sabrina Praga, María Salama, Javier Delgado, Roberto Correcher, Iván Villanueva, Asun Díaz, Maribel Luis, Germán Torres e Cristina Alarcón
**Espazo escénico:** Alberto Puraenvidia
**Ambientación musical:** Antonio Martín
**Versión e dirección:** José Martret

**PREMIO UNIÓN DE ACTORES COMO MELLOR ACTOR SECUNDARIO A GERMÁN TORRES**

**9 Dom** | 21.00 h

# Sexpeare Teatro

(Madrid)

## *RINCONETE Y CORTADILLO*

**ENTRADA: 7 € | DURACIÓN: 90 MIN**

Os verdadeiros Pedro del Rincón e Diego Cortado queren axustar contas con Cervantes por ter publicado ás súas costas un episodio fugaz das súas vidas pero que os condenou por sempre a responder á imaxe de pícaros. Un éxito de xuventude do que nunca se puideron recuperar. Como o Gordo e o Fraco ou Os Pecos, Rinconete e Cortadillo deben seguir xuntos para sobrevivir. Quizais agora chegou a ocasión de limpar o seu nome.

Alberto Conejero, dramaturgo que está destacando como unha das voces máis singulares e talentosas da autoría nacional, recentemente recoñecido co Max, continúa o misterioso final da novela exemplar de Cervantes con esta enxeñosa comedia sobre a picaresca, a amizade e a loita entre a realidade e a ficción cos que Cervantes dou paso á modernidade.





O atrevemento, o humor negro, a expresividade, o absurdo ou a complicidade co público que caracterizan o estilo SeXpeare converteron á compañía nun referente do teatro de humor, que nos sorprendeu coa súa frescura e orixinalidade nas súas anteriores visitas ao FIOT. Nesta montaxe coa que celebran vinte anos de traxectoria, os populares Santiago Molero e Rulo Pardo rodéanse dun prestixioso equipo e homenaxean a Cervantes con este xogo, no que recoñeceremos á España actual a partir da que describiu Cervantes.

*Y les sucedieron cosas que piden más luenga escritura (Cervantes)*

**Intérpretes:** Santiago Molero e Rulo Pardo
**Axudante de dirección:** José Carrillo
**Deseño de espazo escénico:** Salva Bolta
**Deseño de iluminación:** Marino Zabaleta
**Vestiario:** Tatiana de Sarabia
**Composición musical:** Mariano Marín
**Autor:** Alberto Conejero, a partir da novela de Cervantes
**Dirección:** Salva Bolta

# 14 Ven + 15 Sáb | 21.00 h

Venres: Función para abonados

## Contraproducións
(Galicia)

### *O TOLLEITO DE INISHMAAN*

**Intérpretes:** Susana Dans, Ana Santos, Evaristo Calvo, Santi Romay, María Roja, Marcos Pereiro, Ricardo de Barreiro, Luis Iglesia
**Escenografía e vestiario:** Carlos Alonso
**Iluminación:** Afonso Castro
**Música:** Guillerme Fernández
**Tradución:** Santi Romay e Alberto Rodríguez
**Autor:** Martin McDonagh
**Dirección e adaptación:** Cándido Pazó

**ENTRADA: 7 € | DURACIÓN: 115 MIN**

**ESTREA ABSOLUTA e COPRODUCIÓN DO FIOT**

Podería ser unha aldea galega pero é unha pequena illa irlandesa. Seres máis ou menos adorables, máis ou menos odiosos que, nun mundo illado, viven as súas vidas cativas como poden e como saben. Entre eles, un eivado que persegue un soño que nel parece empresa imposible: ser amado e valorado como calquera outro.

Esta comedia negra na que as cousas non son o que parecen atraparanos no seu humor e tenrura.

Temos a satisfacción de estrear a produción coa que colaboramos na 25 edición do FIOT. Seducíronnos os seus moitos atractivos que avalan o éxito que seguro lle espera. Trátase dun moderno clásico universal, de grande éxito en todas as súas postas en escena polo mundo, escrito por un prestixioso autor contemporáneo, Martin McDonagh (autor tamén da primeira coprodución do FIOT, *Un cranio furado*). O dramaturgo e director de frutífera traxectoria profesional, Cándido Pazó, Xograr do FIOT, é o responsable deste espectáculo de gran formato, que conta con oito acreditados actores moi presentes na escena teatral e audiovisual galega, e entre os que se atopan a tamén Xograresa Susana Dans ou o bergantiñán Santi Romay, así como a carballesa Belén Pichel na produción.

> *Porque aquí hai moitos tolleitos coma min, pero non se lles ve por fóra como a min*





# 16 Dom | 21.00 h

## L`Om-Imprebís
(Comunidade Valenciana)

## *LA CRAZY CLASS*

**ENTRADA: 7 € | DURACIÓN: 75 MIN**

**Intérpretes:** Carles Castillo, Carles Montoliu, Santiago Sánchez e Elena Lombao
**Escenografía:** Dino Ibáñez
**Vestiario:** Gabriela Salaverri
**Deseño de iluminación:** Rafael Mojas
**Deseño de son:** José Luis Álvarez
**Música:** Yayo Cáceres, Mamen García e Víctor Lucas
**Coach de canto:** Ángel Ruiz
**Coreografía:** Paloma Díaz
**Idea orixinal:** Michel López
**Creación e dirección:** Santiago Sánchez e Michel López

**FINALISTA PREMIO VALLE-INCLÁN 2016**

**ESTREA EN GALICIA**

Unha ama de casa, un militar, unha bailarina, unha enfermeira, un rapaz tímido,... doce persoas acoden a unha tola e maxistral clase de teatro.

Atoparanse con *Cyrano de Bergerac*, *La vida es sueño*, *Tres hermanas*, *Romeo e Julieta* ou *Hamlet* e nós asistiremos a un divertido e vertixinoso cóctel de historias e emocións que tamén ten como ingredientes o humor e o amor polo teatro e no que este se funde coa vida, coa necesidade humana de poder ser outros para sobrevivir.

*La Crazy Class* bríndanos a ocasión de incluír na nosa celebración unha homenaxe á esencia do FIOT, o teatro, á súa forza para divertir, facer pensar, emocionar e mellorar a nosa vida. É tamén a

*Unha carta de amor ao teatro*

oportunidade de asistir desde dentro ao que como espectadores nunca podemos presenciar, o xogo escénico, as luces, os telóns,... a maxia do teatro nunha montaxe completamente hilarante.

L`om-Imprebís regresa no noso aniversario coa súa última produción, creada a partir do xénero do que son pioneiros en España, a improvisación, a creación en vivo dentro do teatro, aínda que nesta ocasión nada se improvisa.



## 21 Ven | 21.00 h

# Grupo Chévere
(Galicia)

## *EROSKI PARAÍSO*

**ENTRADA: 7 € | DURACIÓN: 90 MIN**

Unha parella coñécese a finais dos 80 na sala de festas Paraíso de Muros. Paraíso pechou e vinte e cinco anos despois Eva traballa no supermercado dunha gran cadea que abriu no mesmo local.

A historia que separa aquela sala de festas do supermercado cóntase dende a mirada dunha filla, mirando aos seus pais a través do obxectivo dunha cámara, tratando de reconstruír a vida que nunca chegaron a ter e a transformación da nosa realidade máis próxima nestes últimos 25 anos.

Tras recibir o Premio Nacional de Teatro, esta é a primeira produción desta compañía que naceu un par de anos antes que o FIOT e participou na nosa primeira edición co mítico *Río Bravo*, e que é esencial para entender a nosa realidade social, política e cultural.



Esta comedia social, que emprega a linguaxe cinematográfica, é o retrato do desarraigo dunha xeración que tivo todo ao alcance da man e andou pola vida como se andase polo corredor dun supermercado.

Ao finalizaro espectáculo farase entrega do Xograr de Outono FIOT 2016 a Miguel de Lira



*O paraíso prometido era en realidade un grande hipermercado*

**Intérpretes:** Patricia de Lorenzo, Miguel de Lira, Cristina Iglesias, Fidel Vázquez e Luís Martínez
**Iluminación e son:** Fidel Vázquez
**Vídeos:** Númax
**Escenografía e vestiario:** Chévere
**Música:** Terbutalina
**Espazo sonoro:** Xacobe Martínez Antelo
**Autor texto:** Manuel Cortés
**Axudante de dirección:** Arantza Villar
**Dramaturxia e dirección:** Xron

**COMPAÑÍA PREMIO NACIONAL DE TEATRO 2014**

**22 Sáb** | 21.00 h

ESTREA EN GALICIA

# Metatarso Producciones

(Madrid)

## *SUEÑO DE UNA NOCHE DE VERANO*

**ENTRADA: 10 €** | **DURACIÓN: 110 MIN**

Mentres unha compañía de cómicos ensaia unha obra de teatro para celebrar as vodas de Hipólita e Teseo, dúas parellas de namorados pérdense nun bosque, non moi lonxe do Reino das Fadas, na busca do amor verdadeiro. Pero algo acontece, o amor está no aire e nada é o que parece, e o que parece non resulta ser certo. Enredando máis a trama, a noite de verán envolve de maxia e encantamentos amorosos todos os protagonistas desta divertida historia.

O *soño dunha noite de verán* é a comedia máis popular e unha das máis fermosas de Shakespeare, do que este ano tamén celebramos o 400 aniversario do pasamento. O propio teatro comparte temática co amor, a fantasía, a loita de sexos ou a impulsividade do ser humano.





Carmen Conesa, Emilio Gavira e Alejandro Sigüenza encabezan esta proposta de Darío Facal, un emerxente director que está destacando polas súas arriscadas e sorprendentes montaxes (e que por certo ten raíces familiares en Bergantiños), e na que se enfatiza o espírito divertido e cómico da obra, achegando o texto universal a todo tipo de público.

*O amor non mira cos ollos senón coa alma*

**Intérpretes:** Carmen Conesa, Alejandro Sigüenza, Emilio Gavira, Vicnete León, Alejandra Onieva, Óscar de la Fuente, Borja Luna, Katia Klein e Paco Ochoa
**Espazo escénico:** Thea Norsola e Darío Facal
**Deseño de vestiario:** Guadalupe Valero
**Deseño de perruquería:** Chema Noci
**Música:** Room 63
**Deseño de iluminación:** Juanjo Llorens
**Deseño de panos:** Estudio Mamífero
**Axundante de dirección:** Javier L. Patiño
**Autor:** William Shakespeare
**Versión:** Javier L. Patiño e Darío Facal
**Dirección:** Darío Facal

# 23 Dom | 21.00 h

## Ron Lalá e Compañía Nacional de Teatro Clásico
(Madrid)

## *CERVANTINA*
### *VERSIÓNS E DIVERSIÓNS SOBRE TEXTOS DE CERVANTES*

**ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 90 MIN**

*Cervantina* é unha nova aproximación de Ron Lalá ao universo creativo dun dos xenios indiscutibles da literatura universal. Unha festa de pezas breves que reúne as adaptacións "ronlaleiras" dalgunhas novelas exemplares e entremeses, ademais de fragmentos doutras pezas.

Ron Lalá é outra das compañías máis aclamadas polo público do FIOT, á que acompañamos desde os seus inicios e que se converteu na revelación dos escenarios españois dos últimos anos. Despois do rotundo éxito internacional de *En un lugar del Quijote*, dan un paso máis na súa exploración do mundo literario cervantino a través das ferramentas da súa linguaxe escénica: o humor, a poesía, o ritmo desenfreado, a música en directo...




Esta produción converteuse nun dos imprescindibles deste ano. Unha maneira fresca, musical e divertida, de achegarse aos clásicos que constitúe un sinal de identidade desta produtora, que pola calidade do seu traballo recibiu o Premio Max á mellor compañía privada.

**Con fragmentos de:**

*Don Quijote de la Mancha, El celoso extremeño, El coloquio de los perros, El hospital de los podridos, El licenciado Vidriera, El retablo de las maravillas, El viejo celoso, La Galatea, La gitanilla, Novelas Ejemplares (prólogo), Persiles y Sigismunda, Rinconete y Cortadillo y Viaje del Parnaso*, de Miguel de Cervantes

**Intérpretes:** Yayo Cáceres, Íñigo Echevarría, Daniel Rovalher, Juan Cañas, Miguel Magdalena e Álvaro Tato
**Escenografía e atrezzo:** Carolina González
**Vestiario:** Tatiana de Sarabia
**Iluminación:** Miguel Ángel Camacho
**Dirección literaria:** Álvaro Tato
**Dirección musical:** Miguel Magdalena
**Versión e composición musical:** Ron Lalá
**Dirección:** Yayo Cáceres

28 Ven | 21.00 h

# Paolo Nani Teater

(Dinamarca)

## *A CARTA*

**ENTRADA: 7 € | DURACIÓN: 70 MIN**

No mesmo ano no que naceu o FIOT, 1992, Paolo Nani e Nullo Facchini crearon *A carta*, converténdose nun éxito instantáneo, e desde entón non deixou de viaxar polo mundo, representándoa en preto de 1000 ocasións.

O virtuoso clown non precisa as palabras para contar unha historia de 15 maneiras e encher de risa cada minuto. A súa precisa linguaxe corporal, o mimo, as "acrobacias" faciais, o perfecto "timing" cómico, os orixinais gags, a complicidade co público,... fan deste divertidísimo espectáculo unha inesquecible antoloxía da comedia, que permanece na carteleira escénica tras vinte e cinco anos.





Aínda que italiano, Paolo Nani creou esta obra co Teatro Cantabile 2, de Dinamarca, onde segue residindo e onde en 1995 creou a súa propia compañía. Compaxinou a representación deste espectáculo coa creación doutros, tamén exitosos.

*Un home entra, bebe algo e escribe unha carta...*

**Intérprete:** Paolo Nani
**Creación:** Paolo Nani e Nullo Facchini
**Dirección:** Nullo Facchini

## 29 Sáb | 20.00 h

ESTREA EN GALICIA

# Feelgood Teatro

(Madrid)

## *LA ESTUPIDEZ*



**ENTRADA: 15 € | DURACIÓN: 3 H CON DESCANSO**

Un grupo de persoas intenta facerse rica en Las Vegas. Un método matemático para gañar á ruleta garda relación coa temible ecuación que encripta o segredo da Apocalipse. Dous criminais deben vender un cadro antigo roubado. A mafia siciliana fabrica unha nova estrela do pop e uns policías motorizados viven unha intensa historia de traizóns. Todo isto ocorre ao mesmo tempo. En las Vegas.

Na hilarante road-movie en formato teatral, cinco virtuosos actores (Fran Perea, Toni Acosta, Ainhoa Santamaría, Javier Coll e Javier Márquez) interpretan 25 personaxes, nun prodixioso exercicio interpretativo e cunha posta en escena impecable.

Pero a risa desta comedia trepidante é unha risa ácida, xa que representa de maneira grotesca e desmesurada a ambición e a cobiza, o valor absoluto dos cartos nunha sociedade fragmentada, e subxace a fraxilidade da intelixencia nos tempos que corren. A obra, do premiado arxentino Rafael Spregelburd, recibiu o Tirso de Molina e foi representada en importantes teatros do mundo con éxito.

*O que ocurre en Las Vegas, non sempre se queda en Las Vegas*

**Intérpretes:** Fran Perea, Toni Acosta, Ainhoa Santamaría, Javi Coll e Javier Márquez
**Colaboración especial voz en off:** Carlos Hipólito
**Deseño de vestiario:** Arantxa Ezquerro
**Deseño de escenografía:** Elisa Sanz
**Deseño de iluminación:** Juan Gómez-Cornejo
**Música e espazo sonoro:** David Angulo
**Autor:** Rafael Spregelburd
**Dirección:** Fernando Soto

VII CICLO

# otni

(OBXECTO TEATRAL
NON IDENTIFICADO)



Co nome de OTNI identificamos aquelas propostas do FIOT coas que, en especial, queremos satisfacer a espectadores máis ávidos de novidades e que queren estar ao día dos proxectos máis contemporáneos, aqueles que teñen como propósito principal explorar a creación escénica, innovar na dramaturxia, nos códigos ou linguaxes teatrais ou na posta en escena.

Xa desde a súa orixe este “paraugas” é suficientemente flexible como para garantir a diversidade, pero en moitas ocasións, facilmente pode acoller outros espectáculos integrados noutros ciclos do FIOT. Son todos os que están pero non están todos os que son.

Nesta sétima edición do OTNI, cando menos, hai dúas obras que por cuestións prácticas encaixamos noutros ámbitos pero que cumpren os requisitos de innovación, interdisciplinariedade, experimentación con novos espazos, relación cos espectadores ou linguaxes teatrais. Non obstante, non queremos deixar de referencialos, xa que complementan o contido deste ciclo e proban que os OTNIS son para todos os públicos e lugares.

*Sube ao OTNI!*
*Ao máis exclusivo do FIOT,*
*ao máis vivo,*
*ao alternativo*
*ao creativo,*
*ao humor intelixente,*
*á innovación,*
*ao máis persoal...*
*ao EXCEPCIONAL!*

O Mercado acollerá a función inaugural do FIOT, *Rudo*, un espectáculo de circo contemporáneo do singular creador Manolo Alcántara, que investiga e busca novas formas escénicas e que rompe fronteiras entre linguaxes e disciplinas, baseándose nunha relación de proximidade cos espectadores, nenos ou adultos.



Compañía Manolo Alcántara
***RUDO*** (Ver páxinas 10 e 11)



Farrés Brothers i Cía
***TRIPULA*** (Ver páxinas 8 e 9)

Tamén no Mercado, os máis pequenos e os adultos que os acompañen poden gozar dun máxico espectáculo que asenta a súa innovación no uso dun espazo teatral non convencional, empregando unha construción efémera que potencia a interacción directa cos espectadores, *Tripula,* de Farrés Brothers.

Unha instalación, o uso teatral de obxectos comúns e a participación activa e imprescindible do espectador son os elementos definitorios de *Micro-Shakespeare*, o espectáculo de Laitrum Teatre, unha convidación a participar activamente no xogo teatral que nos suscitará novas sensacións como espectadores.

Por último, *Penev*, a obra máis convencional na súa posta en escena, pero cunha dramaturxia de carácter contemporáneo.

# 21 Xeu

de 17.30 a 20.30 h

ESTREA EN GALICIA

## Laitrum Teatre (Cataluña)

En coprodución con The National Theatre of Great Britain

### *MICRO-SHAKESPEARE*



**ACESO GRATUÍTO | TODOS OS PÚBLICOS | VESTÍBULO DO PAZO DA CULTURA**
**DURACIÓN: PASES DE 8 MIN**

Os grandes clásicos de *Shakespeare, Hamlet, Macbeth, Romeo e Xulieta, A tempestade* e *Soño* dunha noite de verán condensados en 8 minutos e todos xuntos no Pazo da Cultura.

Ti serás o protagonista deste espectáculo de teatro de obxectos, xa que a participación dos espectadores é imprescindible nesta instalación de teatriños concibidos como pequenas obras de arte cunha dramaturxia adaptada e creada para que interactúe o público. Só hai que poñerse uns auriculares e deixarse levar por unhas instrucións, dispoñibles en cinco idiomas. A obra tomará forma grazas aos movementos dos obxectos do "manipulador" e outros dous espectadores gozarán da experiencia. Humor, amor, intriga, norte, vinganza, flocos de millo e grandes ovacións. O carácter festivo e tráxico do clásico adquirirán tintas sorprendentes para todos os públicos.

Laitrum Teatre caracterízase pola busca dunha posta en escena pouco habitual e innovadora para descubrir diversas xeitos de ver as artes escénicas e remover as emocións e sensacións dos espectadores, en especial investigando as diferentes sensibilidades dos obxectos comúns.

*Un espectáculo moi complicado de explicar, pero moi divertido de facer!*

**Intérpretes:** Jordi Borrás, Toti Toronell
**Voces:** Toti Toronell
**Escenografía:** Quim Domene - La fábrica del Riu, Toti Toronell
**Selección musical:** Albert Dondarza
**Idea orixinal:** Laitrum / Angus Mackechnie
**Dirección:** Toti Toronell



# 27 Xov | 21.00 h

ESTREA EN GALICIA

## La Teta Calva Produccions (Comunidade Valenciana)

### *PENEV*



**ENTRADA: 3 € | DURACIÓN: 60 MIN**

O fútbol e o teatro danse a man e fanse a *zancadilla*. Que fas se a túa vida se desmorona? Que fas se che rouban o partido, a carteira e o futuro?

*Penev* trata sobre persoas de segunda man, usadas, cansadas. Sobre almas en troque. Un álbum de cromos sen terminar é como quedar segundo. Un pensa que o vai conseguir pero non é así. Fálase do pasado idolatrado, dun guateque, dunha beirarrúa, de Penev... Fálase de fútbol e de teatro. Un grito sereno aos seareiros e á platea: ¡Ola fondo norte! Un cántico desesperado á afección para que levante os ánimos dun equipo pragado de frustracións. Unha obra sen artificios, aparentemente sinxela que disecciona a vida a través dos obxectos e recordos dunha tenda de segunda man e que, con naturalidade, constrúe unha balada do fracaso no que non falta un fino sentido do humor.
E un gol traspásache o corazón.

Este primeiro traballo dunha nova compañía valenciana foi recoñecido con diversos premios e finalista na última edición dos Premios Max como espectáculo revelación.

*Se hai que desperdiciar a vida dun, mellor que sexa pouco a pouco. Para darnos conta do estúpido que foi un*

**Intérpretes:** Xavo Giménez e Carles Sanjaime/Toni Agustí
**Escenografía:** Xavo Giménez
**Vestiario:** Toni Agustí
**Iluminación:** Marín Crespo
**Autor:** Xavo Giménez
**Dirección:** Xavo Giménez e Toni Agustí

18

RÚA DOS CONTOS



# A PARTE MÁIS IRREVERENTE E DIVERTIDA DA ESCENA

# A OVELLA NEGRA DO FIOT



# 18 EDICIÓN RUA DOS CONTOS



Narración, monólogos, teatro, maxia, música, títeres, teatro xestual, tradición oral, cabaré, humor, humor, humor... 8 intensas e longas noites (e algunha mañá), en tres fins de semana, con 17 obras, algunhas en formato dobre. Catro destes espectáculos serán estreas, 3 delas absolutas e unha en Galicia.

Este será o especial menú que nos servirá o FIOT, en complicidade con 10 locais de hostalaría carballeses na edición da maioría de idade da Rúa dos Contos, a 18. Acompaña este apetitoso e saudable festín teatral cunha auga, unha cervexa ou un café que che axude a seguir o ritmo.

Non perdas as especiais sesións do Mercado, onde atoparás produtos gourmets e todo fresquiño.

**HUMOR, TEATRO, MONÓLOGOS, NARRACIÓN, MÚSICA, CABARÉ,...**

## VEN 30

**22.30 h: A Barra Bar**

**LIMIAR TEATRO**

***Don Quixote. Unha comedia gastronómica***



Esta comedia gastronómica mestura narración oral, manipulación de obxectos e cociña en directo para dar lugar a esta exitosa versión gastronómica da obra de Cervantes.
Alonso, cociñeiro fascinado coa obra de Cervantes, elabora o prato que lle ofreceron a Don Quixote na súa primeira saída como cabaleiro andante. Un xogo teatral e gastronómico que dá lugar a un espectáculo saboroso, nutritivo e divertido.
Que ningúen quede sen probar os garavanzos!

**Entrada gratuíta**

**00.00 h: Mesón do Pulpo**

**MANUEL MANQUIÑA**

***Humor á galega***



Humor á galega, retranca, ironía e boa dose de surrealismo para dar un repaso a temas de actualidade como a corrupción, a educación ou a importancia da ciencia na nosa sociedade, desde a mirada humorística deste popular e querido actor galego de longa traxectoria teatral e cinematográfica, moi presente tamén na televisión.

**Entrada 5 €**

## SÁB 1

**13.00 h: Rúa Coruña** (en caso de choiva en A Bar Barra)

**ELVIS NEGRO E TRASKIBAND**

***Sesión Vermú***

Dúas novas e dispares formacións musicais de Carballo poñerán a primeira nota musical á Rúa dos Contos:



**TRASKIBAND:** Os trasnos formaron unha banda polo Camiño dos Faros. Vai mudando coas etapas, incorporando novos músicos en cada porto, que comezan a camiñar e acaban convertidos en trasnos. En Carballo actuarán Cecilia Burillo (chello), Ramón Burillo (guitarra) e Raquel Viñuela (voz).

# SÁB 1



**ELVIS NEGRO:**
Desde as entrañas de Carballo, María Costa pon o punk máis ruidoso e Marcos García, desde Boiro, bonitas melodías. As súas fontes van desde a Velvet Underground ou Jesus and Mary Chain de María, ata Yo la tengo ou Smiths, de Marcos.

Colabora: AC Rebeldía

**21.00 h: Ágora**
**MAGO ÁLEX**
***De ilusións tamén se vive***

ESTREA



Os amantes da maxia e o ilusionismo sorprenderanse con Álex Louzao, mozo carballés que aproveitará a oportunidade que lle brinda o FIOT para dar a coñecer a súa primeira produción, *De ilusións tamén se vive.* Desde moi novo realizou múltiples pequenas actuacións en actividades culturais de diversas entidades de Carballo e está cursando estudos para formarse profesionalmente como mago.

**Entrada gratuíta**

**22.30 h: Bulebar musicafé**
**DABOAPIPA**
***Lavandeiras***



Lendas, cantos e contos protagonizados por este grupo de mulleres que exercían o oficio de lavandeiras. Desde as máxicas e fantasmagóricas lavandeiras que xurdían da noite traendo malos presaxios ata as cancións populares que compoñían. Un espectáculo único de música ao vivo, narración, coñecemento e diversión.
Última obra desta compañía que volve tras deixarnos moi bo sabor de boca o ano pasado, e que, desde entón ten unha actividade imparable por toda Galicia.

**Entrada gratuíta**

**00.00 h: Café bar Colón**
**CELSO SANMARTÍN**
***Que contar sempre hai***



Un dos mellores contadores galegos. Recompilador e contador de historias, Sanmartín é único na recollida de contos de sempre, e sente devoción polos mestres da oralidade, as persoas maiores. Nas súas contadas transmite a paixón que sente por esas historias. O seu repertorio está composto por esas memorias ligadas a tradición oral galega.

Díxolle un día Isaac Díaz Pardo "Dinme que es contador. Serás contador do que hai", e segundo di Celso, el non o podería dicir mellor. Iso é o que fai. E cando o escoitamos atrápanos co seu falar pousado, co misterio das súas historias, coa forza da emoción e co humor. Un luxo que non se pode perder.

**Entrada gratuíta**

# VEN 7

**23.30 h: A Barra Bar**
**PÍSCORE**
***Concerto singular***

ESTREA



Que acontece cando se convoca a catro grandes solistas para un concerto cun só instrumento? Catro virtuosos músicos fronte a un gran conflito: 16 baquetas e unha marimba. Organizarse non vai ser doado.

Pepe Varela, Diego Rosal, Félix Rodríguez e Pablo Cabanelas, coa dirección de Fran Rei, e unha nova formación que presenta no FIOT unha musicomedia, a mellor música e moito humor para un concerto singular cunha proposta que mestura virtuosismo musical e ritmo coa comedia xestual, o clown e, participación do público.

**Entrada gratuíta**

# SÁB 8

SESIÓN DOBRE RC

NO MERCADO MUNICIPAL
ANDAR 2º

**21.00 h:**
**FABIOLO**
**Hey bro!**
**Hipstershow**



**22.30 h:**
**RICKI LÓPEZ**
**Me tengo contento**




**+ INFO** na páxina 12 deste programa

# SÁB 8

**00.00 h: Dublín**

**IGMIG**



Rock, punk, progresivo, electro, tecno..., este grupo vigués mestura estilos de música e improvisa en escena de maneira sorprendente e divertida . A súa música ecléctica e fresca combínase cunha posta en escena moi teatral, con performances e grandes doses de interacción co público.

O seu directo é a bomba! Preparádevos para saltar e bailar!

**Entrada 3 €**

# MAR 11

**21.00 h: A Cabaña**

**8mm. TEATRO**

***Unha historia de amor ao Tarantino***



Un carniceiro de aldea e unha noviña femme fatale consuman o seu amor no bar de Bob, pero un terceiro en discordia troca as sendas do destino.

Unha comedia macabra, cunha chiscadela de Tarantino. Pistolas, sexo e moitas risas para un cóctel explosivo e saboroso.

Os espectadores verémonos mergullados na acción e na ficción, nesta proposta, onde a distancia entre o actor e o espectador é tan só de 8mm.

**Entrada gratuíta**

**22.30 h: Valle Inclán**

**SERGIO PAZOS**

***Rebento se non o conto***



Hai momentos nos que gozamos falando sós. De aí este show, un monólogo cómico consigo mesmo pero dialogando co público. Ou ao revés, un diálogo co público pero falando consigo mesmo. Valéndose da retranca, o coñecido actor de teatro e audiovisual e presentador, atrévese a analizar unha realidade tan próxima e afastada como a que conforma España. Destripa tópicos, mentiras piadosas e medias verdades coa ironía como bisturí. Para rebentar ao público de risa, porque é o que de verdade o merece.

**Entrada 4 €**

**00.00h: O Patacón**

**AMARGO SUECO**

***De revista (un musical negro)***



Amargo Sueco é un elixir medieval que todo o cura, como elas, estas discretas mulleres.
De revista é un musical cómico e negro sobre o éxito, a fama, o amor e a felicidade ao ritmo de Cabaret, New York, New York ou Flashdance.
Humor, música e provocación.

**Entrada gratuíta**

# MÉR 12

**20.00 h: Mercado Municipal** (andar 2º)

**SARA ESCUDERO**

***No despiertes a la rana***



**Entrada 5 €**
(+ info na páxina 14 deste programa)

# VEN 14

**23.30 h: A Bombonera**

**FANTOCHES BAJ**

***A saia de Carolina***



Esta é a historia dos amoríos do Padre Damián coa súa criada Carolina, a muller de Xosé o muiñeiro, inspirada na tradición oral na que se xuntan contos con cantos, confesións, sermóns, locucións, recomendación, adagios, proverbios, trabalinguas, adiviñas, ditos e reditos.
Neste entremés satírico o contador multiplicarase en narrador, personaxe e manipulador de títeres, unha técnica chamada bululú.

**Entrada gratuíta**

# SÁB 8

**23.30h: Mercado Municipal** (andar 2º)

**TOURIÑÁN E PEPO SUEVOS**

***Dous homes e un vespino***



ESTREA

**Entrada 5 €**
(+ info na páxina 15 deste programa)




# EN PARALELO

# PRESENTACIÓN DO PROGRAMA DO FIOT 2016

**Coa participación da Aula de Teatro Municipal do Concello de Carballo**



A Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo, organizadores do FIOT 2016, realizarán a presentación oficial do programa da edición 2016, xunto coas entidades patrocinadoras, voluntarios, socios de Telón e Aparte e espectadores.

No transcurso deste acto a Aula de Teatro Municipal de Carballo, dirixida por Artur Trillo, realizará unha intervención teatral.

Data: venres 16 de setembro
Lugar: Pazo da Cultura
Asistencia libre



# TR TEATRO DE RÚA

O teatro estará presente en toda a cidade, tamén nas rúas e prazas de Carballo, que acollen espectáculos de teatro de rúa e de animación teatral que sorprenderán a todos os públicos.

## Os Sete Magníficos máis Un (Galicia)

### *OS REPOSTEIROS DO FIOT*



Dous reposteiros moi atolondrados, Pedro Brandariz e Fran Rei, festexarán polas rúas o aniversario do FIOT. Un espectáculo de humor no que os reposteiros irán na procura do Pazo da Cultura con grandes tortas preguntándolles a todos os viandantes e de paso preparándoos para a gran festa do teatro en Carballo.

**Venres 23 de setembro**
Rúas de Carballo
19.00 h. Asistencia libre

## Trío Refugallo (Galicia)

### *RITMO REFUGALLO*



A animación musical e teatral toma a rúa co Trío Refugallo, unha nova proposta dos compoñentes de Odaiko e A Magnifique Bande dos Homes sen Medo. A mestura será un divertimento no que o clown se mestura coa música feita a partir de materiais de refugallo. O público terá que estar moi atento ás melodías por se teñen que formar parte desta cómica orquestra.

**Venres 30 de setembro**
Xardín Municipal
19.00 h. Asistencia libre

## Compañía Manolo Alcántara (Cataluña)

### *RUDO*



Nesta edición contaremos coa presenza do espectáculo Rudo, da compañía catalá Manolo Alcántara que se encargará da Apertura do FIOT cun espectáculo no que viviremos o risco e o esforzo do protagonista pero tamén a tenrura e o lirismo da creación.

**Venres 30 de setembro**
Lugar: Mercado municipal ou Praza do Concello
21.00 h. Asistencia gratuíta

(Máis información en páxinas 8 e 9)

# Programa especial do FIOT para nenos e nenas

## Noite branca no teatro



Nesta edición tan especial non podería faltar, por cuarto ano consecutivo, unha das actividades máis exitosas entre os rapaces/as amantes do teatro, un mini campamento de farándula no Pazo da Cultura, que lles ofrece a oportunidade de coñecer os secretos do teatro *in situ* e nun horario máxico: durante a noite. Os nenos e nenas serán os protagonistas de divertidos obradoiros que os achegarán emocionalmente ao teatro, conectaraos co mundo do FIOT e converteraos en protagonistas do "momento de contar un conto". A cea, a noite nos sacos de durmir no teatro e o almorzo da mañá seguinte, formarán parte desta aventura chea de xogos, sorpresas e moito teatro.

Datas e horario: das 19.00 h do sábado 24 ás 11.00 h do domingo 25 de setembro | Lugar: Pazo da Cultura | Prezo: 20 € (terán preferencia os socios da AC Telón e Aparte) | Inscrición: Pazo da Cultura, do 14 ao 22 de setembro Prazas: 25 nenos/as | Idades: de 6 a 12 anos
Organiza: AC Telón e Aparte



## Pequeperiodistas



Durante todo o festival os máis pequenos farán un seguimento informativo do FIOT e, ao tempo que aprenden a redactar novas, coñecerán de primeira man o mundo escénico. Tomaranlle o pulso ao teatro en Carballo. Entrevistarán aos actores que veñen ao festival, aprenderán a retratalos e prepararán un xornal que estará á disposición de todo o público para que gardemos un fermoso recordo documental da visión dos cativos sobre esta edición tan festiva do FIOT.

Datas: 1, 15 e 22 de outubro | Horario: de 10.30 h a 13.00 h | Lugar: Biblioteca Rego da Balsa | Prazas: 15 | Idades: a partir de 10 anos | Inscrición: Pazo da Cultura, do 14 ao 22 de setembro. Organiza: AC Telón e Aparte

## Time Lapse

A terceira novidade desta edición do festival, dirixida a todos os fioteiros a partir dos 6 anos, consiste nun obradoiro no que se realizará unha montaxe audiovisual na que nenos e adultos poderán interactuar bailando, interpretando, cantando...

Unha experiencia para estimular a imaxinación e a creatividade, que ademais dará como resultado un produto audiovisual (vídeo) do que todos poderemos gozar, xa que se poderá visionar no sitio web do FIOT e nas redes sociais. Unha divertida e interesante proposta para completar esta serie de actividades que este ano nos trae o gran FIOTIÑO, na súa 25 edición.

Datas: 8 de outubro | Horario: de 10.30 h a 13.00 h. | Lugar de realización: Biblioteca Rego da Balsa | Prazas: 20-30 rapaces/as | Idades: a partir de 6 anos en diante | Lugar de inscrición: Pazo da Cultura, do 14 ao 22 de setembro.
Organiza: AC Telón e Aparte

## XXI Concurso Escolar de Teatro Lido "Xosé Manuel Eirís"



Un veterano concurso que a AC Telón e Aparte realiza en colaboración coa emisora Radio Voz Bergantiños e da Libraría Brañas, que promove a interpretación oral entre os máis pequenos e visibiliza a potencialidade dramática da radio. Pequenos grupos de escolares e de asociacións da zona fan chegar o teatro a todos os currunchos de Bergantiños e Costa da Morte a través das ondas de radio, realizando unha interpretación lida dun fragmento dun texto teatral. Ademais de gozar da experiencia radiofónica nuns estudos profesionais, os gañadores optan a premios por un importe de 850 €.

Organiza: AC Telón e Aparte, co apoio de Radio Voz e Libraría Brañas e patrocinio da Deputación da Coruña | Prazo de inscrición: ata o 3 de outubro | FINAL E ENTREGA DE PREMIOS: Pazo da Cultura, domingo 6 de novembro.

## Trío Refugallo

*Ritmo refugallo*



**30 Set**
**19.00 h**
Xardín Municipal
Asistencia libre
(Máis información na páxina 53)

## Farrés Brothers

*Tripula*

**Sábado 1 | 12.30, 17.30 e 19.30 h**



2º andar do Mercado Municipal.
2€ / gratuíta para 2 menores acompañados dun adulto, socios e abonados
(Máis información nas páxinas 10 e 11)

# ESCOLA DO ESPECTADOR



Continuamos cun proxecto iniciado hai xa dous anos, a Escola do Espectador, coa que facilitamos o achegamento do feito teatral aos espectadores para formalos naqueles aspectos artísticos e técnicos que permitan a comprensión, amplíen a súa lectura e formen unha opinión fundamentada sobre eles, como un instrumento de aprendizaxe e aproveitamento cultural.

Volvemos contar cun dos críticos teatrais máis relevantes de Galicia, Camilo Franco, para dirixir as cinco sesións previstas (de periodicidade semanal) que tomarán como punto de partida as obras programadas no FIOT.

Lugar: Pazo da Cultura
Datas de celebración: faranse públicas a través da páxina web do festival.
Organiza: AC Telón e Aparte



# OBRADOIRO DO ESPECTADOR DE EROSKI PARAÍSO CO GRUPO CHÉVERE

Un encontro cos creadores de Eroski Paraíso para coñecer o procedemento de creación do espectáculo, un proceso de investigación e conversas para documentar a realidade máis próxima e explorar a memoria colectiva, que despois se concreta no local de ensaio. Este método de creación artística é un dos sinais de identidade desta compañía e reflicte o seu compromiso social, político e cultural.
Ven se queres mellorar a comprensión e o goce da obra de teatro. Adaptado a todos os niveis de coñecemento e a todo tipo de espectadores.

Data: Anunciarase a través das redes sociais
Hora: 20.00 h
Lugar: Pazo da Cultura

# CAFÉ CON...



Encontros entre espectadores e grupos teatrais que pretenden aproximarnos ao proceso creativo, á linguaxe e aos códigos de interpretación dun espectáculo, amosando de primeira man o proxecto artístico da compañía e da obra, resolvendo dúbidas e curiosidades ou intercambiando opinións. Un agradable espazo de comunicación tomando un café. Sempre que as circunstancias das compañías e da montaxe dos espectáculo o permitan, celebrarase todos os días de función.
Aberto a todos os espectadores.

Datas: os días das representacións
Lugar: Pazo da Cultura
Horario: 19.00 h, habitualmente, aínda que se concretará durante o festival en función dos condicións da montaxe de cada espectáculo.

# EXPOSICIÓNS



Son moitas as imaxes, os obxectos ou as vivencias que poboan 25 anos de FIOT. Máis que unha completa recomplilación, esta mostra quere recuperar algúns que refresquen a nosa memoria para que cadaquen faga a súa propia reconstrucción deste percorrido.

A intensidade coa que Carballo e moitos fioteiros gozan do noso festival de teatro fai que as emocións sexan o contido principal que esperamos desencadear.

# ZOOM FIOT 2016

Seguimento fotográfico do FIOT 2016 realizado por varios fotógrafos convidados que achegarán o obxectivo fotográfico ao Festival, tratando de captar a diversidade de actividades que teñen lugar durante este, e recollendo diversas caras, tamén aquelas ás que habitualmente non temos acceso.

# EXPOSICIÓN ZOOM FIOT 2015

Mostra das imaxes que se realizaron durante o FIOT 2015 dentro do Proxecto fotográfico Zoom FIOT, no que 9 fotógrafos tomaron imaxes do festival, das que se seleccionaran varias obras. Os fotógrafos participantes son: Rebeca Blanco, José Mª de la Viña, Esther Chamoso, Oti Fernández, Mónica Naya, Marcos Rodríguez, Adriana Díaz e Laura García.

## PREMIO DO PÚBLICO *OUTONO DE TEATRO 2016*




Trátase dunha das iniciativas máis antigas do FIOT coa que se pretende implicar os espectadores para colaborar coa programación puntuando cada espectáculo. O premio concédese á compañía que recibe a mellor puntuación dos espectadores. A elixida será invitada a participar na edición do próximo ano cun novo espectáculo.

Na pasada edición o gañador foi o espectáculo *El testamento de María*, protagonizado por Blanca Portillo, cunha puntuación de 4,65 puntos (sobre 5).

## DÁLLE UN BOCADO AO FIOT

Durante o mes de outubro, o FIOT chega tamén a un grupo de establecementos de hostalaría de Carballo (restaurantes, cervexarías, viñotecas ou cafetarías) que preparan os seus "bocados" especiais inspirados no Outono de Teatro. Todos os que proben unha destas tapas, pinchos ou almorzos participan nun sorteo de entradas para o FIOT, ademais dunha cea e aloxamento de balde nun establecemento de Carballo.
Os clientes dos locais participantes sorprenderanse con pequenas intervencións teatrais relacionadas coa temática do FIOT de novos actores e actrices carballeses, dirixidos pola actriz Alba Bermúdez.

Lugar: Establecementos de hostalaría de Carballo
Data: mes de outubro
Organiza: Concellaría de Promoción Económica do Concello de Carballo

## PROGRAMA DE VOLUNTARIADO



O FIOT conta desde hai sete anos cun programa de voluntarios para colaborar no seu desenvolvemento e, na actualidade, existe un fantástico equipo de vinte persoas que, desinteresadamente, contribúe co seu tempo a que o FIOT sexa mellor.
Moitas grazas a todos pola vosa imprescindible implicación.



# Xograr de outono 2016

## Miguel de Lira



Na súa XXV edición o FIOT outorgará o Xograr de Outono 2016 a Miguel de Lira. Con este galardón quérese salientar a súa intensa, creativa, diversa e extensa traxectoria profesional na escena galega e no mundo audiovisual, con máis de 30 anos de percorrido. Traballa activamente como actor de teatro, dinamizador teatral, produtor e director, intérprete de cine e televisión a nivel galego e nacional, é ademais membro fundador dunhas das compañías referentes do panorama teatral galego, Chévere, relevancia que acredita un dos premios máis importante das artes escénicas en España, o Premio Nacional de Teatro. Miguel de Lira é unha das figuras que iniciou un teatro alternativo, de compromiso e de experimentación en Galicia. Queremos lembrar tamén que, hai 25 anos, foi un dos actores que participou na primeira edición do FIOT co mítico espectáculo *Río Bravo*.

Este nomeamento honorífico do Festival Internacional Outono de Teatro recoñece a unha persoa ou entidade que destaque pola súa traxectoria na promoción e desenvolvemento do teatro en Galicia. A elección do galardoado correspóndelle aos anteriores Xograres de Outono e á AC Telón e Aparte. Foron xa merecedores deste premio Roberto Vidal Bolaño, Artur Trillo, Celso Parada, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval, Dorotea Bárcena, Cándido Pazó, Paula Carballeira, Marcelino de Santiago "Kukas", Alberto Gende, Xosé Manuel Olveira "Pico", Eduardo Rodríguez Cunha "Tatán" e Susana Dans.




O acto de entrega do galardón desta edición está previsto para o venres 21 de outubro, ao remate da función.

# VE VENDA DE ENTRADAS

ticketea.com

## PREZOS ESPECTÁCULOS AUDITORIO

### →PREZO DA ENTRADA

**7 €:** *Solitudes* (día 2), *Rinconte y Cortadillo* (día 9), *O tolleito de Inishmaan* (día 14 e día 15), *La Crazzy Class* (día 16), *Erosky Paraíso* (día 21) e *La Carta* (día 28)
**10 €:** *Yllana* (día 23 setembro), *Ivan Off* (día 7) e *Sueño de una noche de verano* (día 22)
**15 €:** *Cervantina* (día 23) e *La Estupidez* (día 29)

### →PREZO DO BONO

**75 €:** para asistir a todas as representacións do auditorio
**70 €:** prezo reducido do bono (estudantes con carné de estudante, maiores de 65 anos e parados, presentando documentos que acrediten a súa condición)

## PREZOS CICLO OTNI

### →PREZO DA ENTRADA

**3 €:** *Penev* (día 27)

## PUNTOS E DATAS DE VENDA

### →BONOS

>SOCIOS ASOCIACIÓN CULTURAL TELÓN E APARTE:
no teléfono **902 044 226**
Do luns 19 ao xoves 22 de setembro
>PÚBLICO EN XERAL:
**www.ticketea.com**, no teléfono **902 044 226**, www.facebook.com/festivalinternacionaloutonodeteatro ou www.fiot.gal
A partir do 23 de setembro

### →ENTRADAS SOLTAS

(Programa de sala e Ciclo Otni)
>Desde o día 16 ata o xoves 22 de setembro: Entradas para o espectáculo *Yllana25* (día 23 setembro)
>Desde o día 23 de setembro ata o día antes de cada función: **www.ticketea.com**, no teléfono **902 044 226**, www.facebook.com/festivalinternacionaloutonodeteatro ou www.fiot.gal
>Día da función: de 19.30 h a 21.00 h na billeteira do Pazo da Cultura

## RÚA DOS CONTOS

### →VENDA DE ENTRADAS

En **www.ticketea.com**, no teléfono **902 044 226**, www.facebook.com/festivalinternacionaloutonodeteatro ou www.fiot.gal, e os días de representación na billeteira do Mercado Municipal 90 minutos antes do inicio da función.

### →FUNCIÓNS NO MERCADO

**5 €** Día 8: SESIÓN DOBRE RÚA DOS CONTOS: Rafael Maza + Riki López
**5 €** Día 12: Sara Escudero
**5 €** Día 15: Touriñán + Pepo Suevos

### →FUNCIÓNS EN LOCAIS DE HOSTALARÍA CON ENTRADA

A partir do 23 de setembro nos propios locais.
Os/as socios/as e aboados/as da AC Telón e Aparte terán o 50% de desconto nas sesións do Mercado presentando o carné de socio/a.

## FAMILIAR

**2 €:** *Tripula* (día 1). 2 menores gratis acompañados dun adulto e acceso gratuíto para socios/as e aboados/as da AC Telón (só venda na billeteira o mesmo día das funcións).



# RS REDES SOCIAIS

FIOT (Festivalinternacionaloutonodeteatro)
@FiotCarballo
FIOT Carballo
FIOT Carballo
FIOT Carballo
FIOT Carballo
fiot.carballo@gmail.com
comunicacion@fiot.gal
**www.fiot.gal**

pazo da Cultura | Sede do Festival

Rúa do Pan s/n. Carballo | T 981 704 300

**Agradecementos:**
Cabreiroá

# CALENDARIO de actuacións

## Venres 23
**OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN**
TEATRO DE RÚA
*OS REPOSTEIROS DO FIOT*
Rúas de Carballo
19.00 h. Entrada libre

PROGRAMACIÓN SALA
**YLLANA**
*YLLANA25*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 10 €

## Venres 30
TEATRO DE RÚA
**TRÍO REFUGALLO**
*RITMO REFUGALLO*
Xardín Municipal
19.00 h. Entrada libre

TEATRO DE RÚA
**COMPAÑÍA MANOLO ALCÁNTARA**
*RUDO*
Mercado Municipal
21.00 h. Entrada libre

RÚA DOS CONTOS
**LIMIAR TEATRO**
Bar A Barra
22.30 h. Entrada libre

RÚA DOS CONTOS
**MANUEL MANQUIÑA**
Mesón do Pulpo
00.00 h. Entrada: 5 €

## Sábado 1
ESPECTÁCULO FAMILIAR
**FARRÉS BROTHERS**
Mercado Municipal
12.30 h | 17.30 h | 19.30 h
Entrada: 2 € (2 nenos gratis acompañados dun adulto)

RÚA DOS CONTOS
**ELVIS NEGRO E TRASKIBAND**
*SESIÓN VERMÚ*
Rúa Coruña
14.00 h. Entrada libre

RÚA DOS CONTOS
**MAGO ÁLEX**
Cervexaría Ágora
21.00 h. Entrada libre

RÚA DOS CONTOS
**DABOAPIPA**
Bulebar Music Café
22.30 h. Entrada libre

RÚA DOS CONTOS
**CELSO SANMARTÍN**
Cafetaría Colón
00.00 h. Entrada libre

## Domingo 2
PROGRAMACIÓN SALA
**KULUNKA TEATRO**
*SOLITUDES*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 7 €

## Venres 7
PROGRAMACIÓN SALA
**LA CASA DE LA PORTERA**
*IVAN OFF*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 10 €

RÚA DOS CONTOS
**PISCORE**
Bar A Barra
23.30 h. Entrada libre

## Sábado 8
RÚA DOS CONTOS
SESIÓNS DOBRES RC
**RAFAEL MAZA**
**RICKI LÓPEZ**
Mercado Municipal (2º andar) 21.00 h | 22.30 h
Entrada: 5 €

RÚA DOS CONTOS
**IGMIG**
Cervexaría Dublín
00.00 h. Entrada: 3 €

## Domingo 9
PROGRAMACIÓN SALA
**SEXPEARE TEATRO**
*RINCONETE Y CORTADILLO*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 7 €

## Martes 11
RÚA DOS CONTOS
**8mm TEATRO**
Mesón A Cabaña
21.00 h. Entrada libre
RÚA DOS CONTOS

RÚA DOS CONTOS
**SERGIO PAZOS**
Cafetaría Valle Inclán
22.30 h. Entrada: 4 €

RÚA DOS CONTOS
**AMARGO SUECO**
Pub O Patacón
00.00 h. Entrada libre

## Mércores 12
RÚA DOS CONTOS - MERCADO
**SARA ESCUDERO**
Mercado Municipal
20.00 h. Entrada: 5 €

## Venres 14
PROGRAMACIÓN SALA
**CONTRAPRODUCIÓNS**
*O TOLLEITO DE INISHMAAN*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 7 €

RÚA DOS CONTOS
**FANTOCHES BAJ**
Cervexaría A Bombonera
23.30 h. Entrada libre

## Sábado 15
PROGRAMACIÓN SALA
**CONTRAPRODUCIÓNS**
*O TOLLEITO DE INISHMAAN*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 7 €

RÚA DOS CONTOS - MERCADO
**TOURIÑÁN E PEPO SUEVOS**
Mercado Municipal (2º andar)
23.30 h. Entrada: 5 €

## Domingo 16
PROGRAMACIÓN SALA
**L´OM-IMPREBÍS**
*LA CRAZY CLASS*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 7 €

## Venres 21
OTNI
**LAIUTRUM TEATRO**
*MICRO-SHAKESPEARE*
Pazo da Cultura
De 17.30 h a 20.30 h
Entrada gratuíta

PROGRAMACIÓN SALA
**GRUPO CHÉVERE**
*EROSKI PARAÍSO*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 7 €

## Sábado 22
PROGRAMACIÓN SALA
**METATARSO TEATRO**
*SUEÑO DE UNA NOCHE DE VERANO*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 10 €

## Domingo 23
PROGRAMACIÓN SALA
**RON LALÁ E CÍA. NACIONAL DE TEATRO CLÁSICO**
*CERVANTINA*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 15 €

fiot 25 CARBALLO

## Xoves 27
OTNI
**LA TETA CALVA PRODUCCIONES**
*PENEV*
Pazo da Cultura
Salón de Actos
21.00 h. Entrada: 3 €

## Venres 28
PROGRAMACIÓN SALA
**PAOLO NANI**
*LA CARTA*
Pazo da Cultura
Auditorio
21.00 h. Entrada: 7 €

## Sábado 29
PROGRAMACIÓN SALA
**FEELGOOD TEATRO**
*LA ESTUPIDEZ*
Pazo da Cultura
Auditorio
20.00 h. Entrada: 15 €

EN PARALELO

**CAFÉ CON...**
Os días das representacións, no Pazo da Cultura.

Concretaranse os horarios durante o festival.

Deseño: www.gendestudio.com

fiot 25
CARBALLO

FIOT Festival Internacional Outono de Teatro

fiot.gal

concello de CARBALLO

A.C. Telón e Aparte

pazo da Cultura

XUNTA DE GALICIA

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

Deputación DA CORUÑA

GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE | inaem

Fundación Luis Calvo Sanz